

desenvolvemento dos módulos, así como a de cancelalos, se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

10ª.-Asistencias ao curso.

a) O persoal seleccionado non poderá renunciar á realización dos módulos, salvo por causa de forza maior suficientemente xustificada, por necesidades do servizo ou por causas acreditadas documentalmente pola persoa responsable do departamento administrativo no que desenvolve o seu labor. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación de 7 días hábiles antes do comezo de cada módulo, sempre que sexa posible, para que poida cubrirse a vacante. A renuncia presentárase acompañada da acreditación documental que certifique a súa causa. Aquele renuncia ou abandono non xustificadamente suporá a exclusión da persoa seleccionada das convocatorias do ano en curso e das do ano seguinte, de acordo co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola cal se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.

b) É obrigatoria a asistencia con puntualidade a todos os módulos en que estea matriculado. Calquera ausencia non xustificada implicará a perda do dereito ao certificado acreditativo correspondente.

Unicamente se lles poderá autorizar a ausencia por causas xustificadas a un módulo a aqueles alumnos que se matriculen no curso completo. As ditas causas acreditaranse documentalmente ante o servizo competente da EGAP ou ante a persoa responsable do curso.

c) Durante a realización das actividades formativas levarase un control permanente da asistencia mediante os sistemas que se establezan para o efecto e, así mesmo, constarán como incidencias as ausencias dentro de cada sesión. Isto implica que o persoal que participe no curso terá que anotar a hora de chegada ou saída, de ser o caso, durante a duración oficial do curso, para poder acreditar o tempo que faltou. De non facelo así e realizarse un control de asistencia extraordinario, perderá o dereito a recibir o certificado.

11ª.-Certificados.

Outorgaráselle o correspondente certificado de asistencia para cada un dos módulos ao alumnado que participe con regularidade e dedicación no desenvolvemento destes. A aqueles que realicen os oito módulos expediráselles un único certificado en que se fará constar o número total de horas (76).

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2009.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración
Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 13 de febreiro de 2009 pola que se modifica o límite compatible do importe da axuda (minimis) en determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe).

A Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. Así, no seu artigo 4.2º establece un novo límite compatible do importe de axuda (*minimis*).

En consecuencia, faise conveniente modificar as bases reguladoras das axudas do Igape acollidas ao réxime de *minimis*, para os efectos de aplicarlles o novo límite compatible do importe de axuda (*minimis*).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Modificar, para os programas de axuda que se relacionan deseguido, o límite compatible do importe da axuda (*minimis*), que non poderá exceder dos 500.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, cumprindo as condicións da Comunicación da Comisión Europea publicada no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009, que establece un marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira:

-Bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio aos investimentos das empresas do sector de transporte público de viaxeiros por estrada, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Instituto Galego de Promoción Económica, feitas públicas mediante Resolución do 28 de abril de 2008, DOG nº 84, do 2 de maio de 2008 (Procedemento IG149).

-Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, feitas públicas mediante Resolución do 9 de maio de 2008, DOG nº 92, do 14 de maio de 2008 (Procedementos IG150, IG151, IG152, IG153, IG110, IG123, IG154, IG124, IG155, IG111, IG156, IG157 e IG158).

-Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de

colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008, DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008 (Procedementos IG162, IG163 e IG164).

-Bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB), feitas públicas mediante Resolución do 10 de decembro de 2008, DOG nº 244, do 17 de decembro de 2008 (Procedemento IG165).

-Bases reguladoras dos incentivos económicos e dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, DOG nº 31, do 13 de febreiro (Procedementos IG107, IG113, IG114, IG119, IG121 e IG122).

Segundo.-Esta modificación aplicarase a todas as concesións de data posterior ao 17 de decembro de 2008, sempre e cando os beneficiarios das axudas presenten a documentación acreditativa do artigo 4.2º da comunicación da comisión citada no punto primeiro desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Resolución do 19 de febreiro de 2009 relativa á provisión da vacante no cargo de presidente da Xunta Electoral de Galicia.

Polo Real decreto 25/2009, do 13 de xaneiro, noméase presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a Miguel Ángel Cadenas Sobreira en provisión da vacante producida por nomeamento para outro cargo de Jesús Souto Prieto.

En virtude do artigo 14.1º a) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o presidente da Xunta Electoral de Galicia é o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Deste xeito, ao abeiro do artigo 18.6º da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, a Xunta Electoral de

Galicia resolveu declarar para público coñecemento, en virtude do seu contido de carácter xeral:

Presidente da Xunta Electoral de Galicia: Miguel Ángel Cadenas Sobreira, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Vicepresidente: Julio César Cibeira Yebra-Pimentel, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º b).

Vogais: maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (art. 14.1º c):

José Antonio Ballester Pascual.

Antonio J. Outeiriño Fuente.

José Elias López Paz.

Vogais: profesores en activo das facultades de Dereito, de Ciencias Políticas ou de Socioloxía das universidades de Galicia (artigo 14.1º d):

Ángel Gómez-Iglesias Casal.

Jesús Martínez Girón.

José Antonio Portero Molina.

Xosé Manuel Carril Vázquez.

Secretario: Xosé Antón Sarmiento Méndez, letrado maior do Parlamento (artigo 15.2º).

A Coruña, 19 de febreiro de 2009.

Miguel Ángel Cadenas Sobreira
Presidente da Xunta Electoral de Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de febreiro 2009 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decem-